



BASES PARTICIPACIÓN

MERCADO MODERNISTA 2018

ASES PARA A SELECCIÓN DE SOLICITUDES. MERCADO MODERNISTA 2018.

A Feira Modernista representa unha das celebracións festivas máis importantes do calendario anual da Concellería de Cultura e Praias e estase a converter nunha das propostas de maior participación e seguimento popular ano tras ano.

O programa de actividades é moi variado, incluíndo propostas culturais en diferentes disciplinas, actividades de ocio e recreación, exhibicións, accións formativas... todo coa intención de poñer en valor a importancia do noso patrimonio cultural e histórico, evocar unha época e un movemento artístico e, como non, organizar unha proposta festiva con atractivo cultural e turístico.

Dentro dos contidos habituais na Feira Modernista resérvase, dende a primeira edición, un espazo para a organización dun “Mercado Modernista”. Trátase dunha zona na que diferentes artesáns e comerciantes establecen uns postos de exposición e venta, ambientados con decoración evocadora e cun vestiario que trata de seguir as liñas da moda no Modernismo.

A organización ofrece os espazos e estruturas para a montaxe de 25 postos de venta destinados á explotación por parte de comerciantes e hostaleiros, que conformarán o “Mercado Modernista 2018”. Ditos espazos terán unhas dimensións fixas de 3x3 mts delimitados por carpas impermeables e con peche completo. Presentarán un frontal decorado con motivos modernistas, conformando un elemento de ambientación da Feira.

As solicitudes deberán cumprir unha serie de requisitos e, ademais, pasar un proceso de selección e filtro baseado nos criterios que recollen estas bases reguladoras.

1. DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE

As solicitudes deberán ser enviadas a sada.cul@sada.gal incorporando a seguinte documentación:

- DATOS SOLICITANTE.
- DATOS DA PERSONA REPRESENTANTE.
- FOTOCOPIA DNI/CIF.
- CARNÉ DE VENTA AMBULANTE OU CERTIFICADO DE ALTA NO IAE.
- XUSTIFICANTE ÚLTIMO PAGO DE AUTÓNOMOS.
- PAGO PÓLIZA DO SEGURO DE R.C.
- CERTIFICADO DE ESTAR AO CORRENTE DE PAGOS CON HACIENDA, FACENDA E SEGURIDADE SOCIAL.
- CARNÉ DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS (si procede).
- FOTOGRAFÍAS DOS PRODUCTOS QUE SE OFRECERÍAN Á VENDA.

TODA A DOCUMENTACIÓN DEBERÁ ESTAR PRESENTADA ANTES DA DATA FIXADA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN.



BASES PARTICIPACIÓN

MERCADO MODERNISTA 2018

2. CRITERIOS PARA A SELECCIÓN

A selección entre as solicitudes recibidas ven motivada pola necesidade de cumprir cos obxectivos de ambientar, evocar unha época, recrear uns principios artísticos e aportar interese estético. Adoptaranse os seguintes criterios para establecer unha relación de idoneidade entre as solicitudes recibidas, e repartir así os espazos dispoñibles.

- a) Recupera oficios tradicionais contemporáneos á época que queremos recrear (ata 10 pts).
- b) Pon en valor aspectos da nosa memoria histórica ou do patrimonio histórico-artístico (ata 10 pts).
- c) Pon á venda obxectos relacionados coa época que queremos recrear ou que son solidarios cos principios artísticos que definen ao Modernismo (ata 10 pts).
- d) Oferta un produto con características de orixinalidade artística/estética e utilidade que, si ben poden non considerarse especificamente modernistas, entroncan co seu espírito de ruptura coas normas estéticas establecidas e coa liberdade creativa (ata 10 pts).

3. PRAZOS PARA A UTILIZACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO

As persoas/empresas autorizadas poderán desempeñar a súa actividade durante a celebración da VII Feira Modernista, nas seguintes datas e horarios:

- Venres 27 de xullo: montaxe dende as 12:00h. Horario de apertura de 17:00 a 00:00h.
- Sábado 28 de xullo: apertura de 11:00 a 00:00h.
- Domingo 29 de xullo: apertura de 11:00 a 00:00h.

OBSERVACIÓNS:

Os de apertura son horarios recomendados (poderá pecharse antes en función de criterios comerciais dos beneficiarios da autorización).

O domingo poderá esgotarse o horario de apertura autorizado ou reservar un tempo para as tarefas de desmontaxe.

4. DISPOSICIÓNS FINAIS

AUTORIZACIÓN: As 25 solicitudes que obteñan unha mellor valoración tras aportar toda a documentación requirida serán propostas para a súa autorización mediante decreto para a ocupación e utilización do espazo público habilitado como Mercado Modernista para desempeñar a súa actividade comercial.

EXENCIÓN DE TAXAS: Unha vez resoltas todas as fases do procedemento descrito, en base ao establecido na Ordenanza Municipal nº16 e en virtude da xustificación motivada presentada pola Concellería de Cultura e Praias, as persoas/empresas autorizadas estarán exentas do pago de taxas.